

## NOTA DE PRENSA

**18.11.2015**

### Con ruego de publicación:

CONFAPA ven de solicitar unha reunión urxente ao Conselleiro para tratar o tema da atención educativa a menores con estadías hospitalarias de longa duración así como para nenas e nenos con enfermidades crónicas que deben ser atendidos nos seus domicilios.

Toda vez que o asunto de Hadrián, o rapaz de Malpica, apareceu repetidamente nos medios, a CONFAPA-GALICIA chegan as preocupacións das familias con fillos e fillas en circunstancias similares.

Confiamos en que poida recibirnos coa maior brevidade para poder facer as nosas propostas e manter un diálogo proveitoso, acadando as respostas da administración que garantan o dereito a educación destes rapaces e rapazas, sempre pensando nese dereito inexcusable de todo neno á unha educación gratuíta e de calidade e que por razóns de saúde e a falla de medidas poidan ser un elemento máis de exclusión e perda de dereitos básicos e inexcusables.

Área de Comunicación e Publicacións  
Xunta Directiva.

Confederación Galega de Asociacións de Nais e Pais do Alumnado de Centros Públicos  
**CONFAPA GALICIA**

(Fundada en 1987 polas Federacións Provinciais de ANPAs de Centros Públicos de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra)  
Integrada na Confederación Española de Asociaciones de Madres y Padres del Alumnado, (CEAPA)  
Integrada na Confédération Européenne des Parents de l'École Publique, (CEPEP)  
Rúa Orzán, 21. 15003 A Coruña Tlf. 981202002 - Fáx. 981201962  
Correo-e: [confapagalicia@confapagalicia.org](mailto:confapagalicia@confapagalicia.org)  
CIF: G-15115165